



Lactacións prolongadas

Explicamos en que consiste este sistema produtivo, para o que cómpre aclarar primeiro determinados conceptos como son a produción vitalicia e a persistencia da lactación, ao tempo que debemos coñecer como é a tendencia da duración das lactacións e valorar a súa influencia na rendibilidade da gandería e no benestar dos nosos animais.

Ramiro Fouz
Africor Lugo

O obxectivo dun produtor de leite é acadar altas producións vitalicias de leite por vaca, con independencia do sistema produtivo co que estea a traballar. As medias de produción por vaca, producións a 305 días, non son bos indicadores da rendibilidade dunha granxa. Pola contra, a produción vitalicia si é un indicador de rendibilidade, e é válido tanto para producións intensivas coma para granxas en

ecolóxico ou baseadas en pastoreo. Indo máis aló, teríamos que falar de produción por día de vida, xa que ten en conta os períodos improdutivos da vaca, como son a fase de recría e os períodos de secado. Este ratio calcúlase dividindo a produción vitalicia entre os días de vida do animal, dende que nace ata que abandona a granxa. A produción por día de vida afina moito máis de cara a plasmar a produtividade da vaca. O ideal sería estar por riba dos 16 litros por día de vida.

A amortización dunha vaca non se produce ata pasado o pico de produción da segunda lactación,

polo que as vacas que morren antes deste tempo non produciron dabondo para cubrir os custos de amortización; Son o resto das compañeiras de establo as que teñen que producir máis para compensar as perdas.

Con todo, a produción vitalicia aumentou considerablemente nos últimos anos, cun incremento do 66,5 % dende 1998 ata a actualidade. A duración media dunha vaca son 2.190 días e nese tempo produce uns 32.548 kg de leite.

► TERIAMOS QUE FALAR DE PRODUCCIÓN POR DÍA DE VIDA, XA QUE TEN EN CONTA OS PERÍODOS IMPRODUTIVOS DA VACA


A produción por vaca en lactación normalizada a 305 días aumentou nun 43,6 % no mesmo período. A explicación deste desfase no incremento entre a produción vitalicia e a produción por lactación está en que as lactacións cada vez duran máis tempo, e é frecuente estar a muxir vacas con máis de 400 días en leite. Actualmente, o 1 % das vacas que se moxen na provincia de Lugo superan os 540 días en leite, cunha media de 21,3 kg/día.

Núm. de parto	Duración media da lactación (días)
1	370
2	368
3	369
4	371
5	374
6	374
7	369

Collendo como referencia as vacas dadas de baixa en 2018, ao comparar a súa produción vitalicia en función da duración media das súas lactacións, observamos como as vacas que teñen unha maior duración media da lactación teñen unha maior produción vitalicia. ►►

Duración media da lactación	Produción vitalicia	N.º medio de partos
< 293	25.348	3,3
de 293 a 336	39.413	4,0
de 337 a 382	43.538	3,9
> 382	43.831	3,3

LECHES MATERNIZADAS


Mejora tus resultados



CRECIMIENTO ÓPTIMO ✓




SEGURIDAD DIGESTIVA CONTROLADA ✓



RENDIMIENTO Y CONFORMACIÓN ✓

Tel: +34 629 64 02 61
www.serval.fr/es



► DEBERIAMOS CUESTIONARNOS DE NOVO RATIOS E INDICADORES BASEADOS EN PRODUCCIÓN DO SÉCULO PASADO

Ano	Duración da lactación	IPP	Duración do secado
2003	339	426	87
2004	342	432	90
2005	343	431	88
2006	356	433	77
2007	368	439	71
2008	370	442	72
2009	371	443	72
2010	369	440	71
2011	367	437	70
2012	366	433	67
2013	370	434	64
2014	369	433	64
2015	365	430	65
2016	364	428	64
2017	370	434	64
Dif.	42	16	-26

A suma destes dous intervalos (lactación + secado) dános o intervalo entre partos (IPP)

Na actualidade na provincia de Lugo o 75,1 % das lactacións ten unha duración de máis de 305 días, das cales o 44,2 % supera os 360. Cómpre ter en conta que as lactacións entre 240 e 305 días non se normalizan, coincidindo coa produción real desa lactación. Tal como é a tendencia, o correcto sería normalizar as lactacións a 360 días, como se fai noutros países.

Nos últimos vinte anos a duración media dunha lactación aumentou en 42 días, mentres que a duración do secado diminuíu en 26 días.

Dende hai tempo séguese a premisa de maximizar o pico de produción, na medida en que por cada quilo de máis no pico, supón uns 200 kg na lactación total.

A intensificación da produción no posparto leva emparellada unha elevada mobilización de reservas corporais cun descenso da condición corporal, cun sobre esforzo hepático, que leva a incrementar os problemas metabólicos. De feito, o 60 % dos custos veterinarios danse nos 40 primeiros días de lactación.

Para acadar intervalos de parto reducidos, as vacas teñen que quedar preñadas no período de máxima produción, que coincide cun balance enerxético negativo. De feito, a principal causa de baixa das vacas é a infertilidade, vacas que non quedan preñadas.

É frecuente escoitar comentarios sobre o intervalo entre partos como un ratio reprodutivo que está

a empeorar, debido ao seu aumento progresivo. En realidade a preocupación está xustificada se o incremento se produce a costa de incrementar o período de secado, pero non no caso de que sexa polo incremento na duración da lactación.

Tendo en conta que estamos no século XXI, deberíamos cuestionarnos de novo ratios e indicadores baseados en producións do século pasado, como ter por obxectivo intervalos entre partos de 305 días. Hoxe as vacas producen moito leite durante máis tempo. A selección en gando frisón fixo que as vacas dean leite con independencia de que volvan quedar preñadas, cousa que non ocorre noutras razas ou cruzamentos ou en vacas fri-

Code race	Races	Nombre resultats	Durée lactation jours	Production moyenne kg	MG kg	TB g/kg	MP kg	TP g/kg	MU kg	TMU g/kg
66	Prim'Holstein	1 428 836	366	11 206	445	39,7	359	32,1	805	71,8
46	Montbéliarde	382 681	334	8 570	335	39,0	285	33,2	619	72,2
56	Normande	170 620	349	8 023	340	42,4	278	34,7	618	77,1
39	Croisé	101 774	346	9 122	366	40,1	297	32,6	663	72,7
12	Abondance	21 580	317	6 450	236	36,6	214	33,2	450	69,8
21	Brune	14 801	363	8 920	375	42,1	307	34,4	682	76,5
35	Simmental Française	14 234	328	7 582	305	40,2	257	33,9	561	74,1
19	Pie Rouge des Plaines	8 842	351	9 343	400	42,8	312	33,4	712	76,2
15	Jersiaise	7 825	347	5 994	335	55,9	232	38,7	567	94,6
31	Tarentaise	7 372	300	5 141	191	37,1	168	32,6	359	69,8

Institut de l'Élevage, datos de 2018

soas pouco seleccionadas, nas que, cando volven a quedar preñadas, reducen drasticamente a súa produción, o mesmo que as frisoas do século pasado. Non é un desmérito para as outras razas, simplemente a súa selección foi encamiñada ao aproveitamento de pastos, onde a estacionalidade ten un peso moi forte nestes sistemas produtivos, facendo que a súa selección fose máis por lactacións curtas, acopladas á dispoñibilidade de recursos. Isto podemos ilustralo con datos do Control Leiteiro en Francia. Poderíamos amosar datos de Lugo, pero o baixo número de lactacións doutras razas fai que non sexan representativos. O censo doutras razas aumenta cada ano, pero, polo de agora, non chega ao 2 %.


No gráfico do Institut de l'Élevage con datos do ano 2018 obsérvase como a maior duración da lactación (*durée lactation*) a obstentan as frisoas (Prim Holstein), seguidas das pardas (Brune), que son as dúas razas máis seleccionadas para a produción intensiva neste país.

Nesta mesma liña, un elemento que define as vacas frisoas seleccionadas para a produción de leite é a súa maior persistencia da lactación. Esta defínese como o grao de descenso na produción unha vez que a vaca acada o pico de produción. Así, unha alta persistencia de lactación asóciase cun baixo descenso da produción tras o pico. A persistencia de lactación é un factor que condiciona a produción total dunha


vaca. Dúas vacas que acadan a mesma produción no pico poden rematar a lactación con grandes diferenzas debido ás distintas persistencias.

Este dato podémolo atopar nos informes de Control Leiteiro, nas vacas de décimo control, calculado como a produción neste, respecto do cuarto control tras o parto. O ideal sería traballar con persistencias por riba do 96 %.

As vacas de primeiro parto teñen unha maior persistencia que as adultas, polo que se a taxa de reposición do rabaño é elevada (alta porcentaxe de vacas de primeiro parto respecto das adultas que se están a muxir), a persistencia media do rabaño será maior. »




A maior persistencia das vacas de primeiro parto fai que superen a produción media das vacas adultas a partir dos 260 días de lactación



O pico de produción nas vacas de 1.º parto vai dende o día 50 ao día 90 mentres que o das adultas vai dende o día 40 ao 60; as adultas acadan antes o pico, pero dúralles menos

▶ PARA OPTAR POR SISTEMAS DE PRODUCCIÓN BASEADOS EN LACTACIÓN PROLONGADAS, É NECESARIO PARTIR DUN RABAÑO CON ALTOS VALORES XENÉTICOS PARA PRODUCCIÓN DE LEITE E FACER SELECCIÓN POR PERSISTENCIA



Para entender mellor a persistencia, presentamos as curvas de lactación nos primeiros 150 días en leite (DEL) por número de parto, onde se aprecia como as primeirizas teñen un pico máis baixo e duradeiro e o acadan máis tarde que as adultas. A persistencia decrece segundo aumenta o número de partos. O sistema de produción baseado en lactacións prolongadas precisa de vacas con alta persistencia de lactación que son cubertas pasados os seis meses de paridas, buscando producións diarias máis modestas, sen facer énfase no pico. Ao final da súa vida produtiva estas vacas terán producións vitalicias similares ás dos sistemas convencionais, pero cun menor custo, debido á redución de patoloxías. Trátase de producir o mesmo leite con menos partos.

Para optar por sistemas de produción baseados en lactacións prolongadas, é necesario partir dun rabaño con altos valores xenéticos para pro-

dución de leite e facer selección por persistencia.

A selección de vacas por persistencia é unha ferramenta para acadar maior produtividade, na medida en que as vacas con maior persistencia tenden a ter menos enfermidades metabólicas e un menor custo reprodutivo debido a un menor estrés no pico de produción.

A persistencia pode ser mellorada co incremento no número de muxidos. Nos últimos anos, a porcentaxe de ganderías que moxe máis de tres veces ao día pasou do 3 % ao 14 % e segue aumentando. Cando se moxe máis de dúas veces ao día, as células secretoras do ubre aumentan en número. En senso contrario inflúe o maior intervalo entre muxidos, o que ten un efecto negativo na produción de leite, sendo maior canto máis leite produce a vaca. Muxir máis de dúas veces ao día reduce o intervalo entre muxidos, o que mellora a produtividade.



Así, muxir máis de dúas veces ao día modifica a persistencia, o que fai que se prolongue a duración do pico de produción, á vez que se reduce a pendente da curva de produción no último terzo da lactación.

Unha pregunta frecuente cando se cuestionan estes sistemas de lactacións prolongadas é o risco de sobreengraxamento de vacas en cola de lactación. É certo que este sistema aplicado a vacas pouco produtoras, con baixo nivel xenético para produción de leite, pode producir este problema, pero o manexo axeitado da ración, a frecuencia de muxido e a mellora xenética orientada neste senso axudan a minimizar este risco. Se buscamos lactacións prolongadas, baseadas nunha maior persistencia e alimentamos as vacas de forma convencional, onde a ración está orientada a altos picos de produción, está claro que teremos este tipo de problema. O plano nutricional en vacas de lactación prolongada difire moito de producións convencionais. É preciso adaptar a ración ás novas necesidades. O feito de non buscar altos picos de produción fai que as diferenzas de produción entre vacas dun mesmo rabaño con diferentes días en leite sexan menores, simplificando o manexo nutricional en racións únicas. Os problemas de engraxamento de vacas en cola de lactación son comúns en granxas con altos picos de produción e baixa persistencia que empregan unha única ración para vacas de leite.

A maiores de reducir o estrés metabólico da vaca e mellorar o seu benestar, os sistemas de produción baseados en lactacións prolongadas, ao diminuír o número de partos fronte a un sistema convencional, tamén reducen os períodos de secado, períodos improdutivos na vida da vaca, mellorando o ratio de quilos/día/vida.

Outro aspecto que cabe salientarse é a redución da produción ao secado. Actualmente a produción media das vacas ao secado é de 23,3 kg, se ben

un 3,9 % das vacas produce máis de 40 kg de leite cando se vai secar. Cando o sistema produtivo busca reducir o intervalo entre partos, maximizando os picos de produción, as vacas chegan ao secado con altas producións, co conseguinte estrés para o animal e o risco de mamite. O maior risco desta enfermidade predispón á utilización de antibióticos con carácter preventivo. En sistemas de lactacións prolongadas, as producións ao secado son inferiores, polo que se mellora o benestar do animal e se reduce o uso de antibióticos.

Cando se comparan sistemas produtivos convencionais con sistemas de lactacións prolongadas con base no leite corrixido por enerxía, estas últimas vense favorecidas, por unha maior produción de sólidos totais, debido a que o peso das fases da lactación con maiores porcentaxes de graxa e proteína son maiores que en sistemas convencionais.

O parto sempre será o período de maior estrés na vida produtiva do animal. Un sistema intensivo convencional que maximiza o pico de lactación obtén de media tres partos por vaca. O impacto directo dun sistema de lactacións prolongadas é reducir o número de partos por vaca, no mesmo ciclo de vida do animal, o que diminúe o risco de enfermidades metabólicas e o seu estrés, sen ver comprometida a produción vitalicia.

Non se pode concluir que sexa un sistema produtivo ideal, na mesma medida en que ningún outro sistema o é *per se*. Cada gandeiro debe decidir cal é o mellor sistema que se adapta ás súas condicións, pero sempre buscando a maior rendibilidade, que non sempre está na maior produción no menor intervalo de tempo. A combinación da selección por persistencia ou as medidas que a promoven, xunto con lactacións de maior duración, poden ser, en determinados sistemas de manexo unha forma de incrementar a rendibilidade da gandería, á vez que mellora o benestar dos animais. ■

EASY-COVERING COBERTIZOS



La solución fácil y económica
para su cubierta



NAVES GANADERAS Y ALMACENES



Grandes ventajas con respecto
a las construcciones tradicionales



Polígono Industrial de Somonte
C/Mª Glez "La Pondala" N° 41
CP 33393 Gijón Asturias
Tlfn: + 34 985 303 752
Info@easy-covering.com

www.easy-covering.com